

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 25 de xaneiro de 2007**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na sesión plenaria ordinaria, que se celebrará o vindeiro xoves, 25 de xaneiro de 2007, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Central-Actas

1.- Aprobación da acta anterior, correspondente á sesión celebrada o día 22 de decembro de 2006.

2.- Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23.343 á nº 25.079 de 2006 e da nº 1 á nº 354 de 2007.

Economía, Facenda e Especial de Contas

3.- Modificación das Bases de execución núms. 10ª apartado c) 43ª.3º, 44ª. 6º e 48ª do Orzamento do exercicio 2007.

Cooperación e Asistencia a municipios

4.- Aprobación da modificación do proxecto da obra “Saneamento do núcleo do Pereiro de Abaixo” do Concello de Cabanas incluída no POS 2005, código 05.2100.0061.0.

Plans Especiais, Contratación e Equipamento

5.-Aprobación inicial do expediente de alteración da cualificación xurídica dos terreos cuxa descrición e superficie figura no plano redactado polo Servizo de Arquitectura, así como do edificio en construción situado nel que pasa a denominarse “Prisma de Cristal” (que figuraba provisionalmente co nome “Centro das Artes da Deputación Provincial da Coruña”) sito nos terreos do Colexio Calvo Sotelo, Avda. de Labañou, para a súa cualificación como ben patrimonial e como trámite previo á iniciación do expediente de cesión de uso.

6.- Rectificación do erro apreciado na distribución do financiamento da subministración “Equipamento mobiliario da cafetería do albergue municipal de Mera” do Concello de Ortigueira, incluída na segunda fase do Plan adicional 1/2005 ao Plan de investimentos locais 2005. Código 05.3201.0275.0.

Infraestruturas Viarias: Vías e Obras Provinciais

7.- Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2007.

8.- Aprobación do proxecto complementario nº 1 actuacións complementarias de seguridade viaria e ambientais na E.P. 7202 Rianxo a Burés por Asados (Rianxo).

9.- Aprobación do proxecto modificado nº 1 travesía da E.P. 7202 Rianxo a Burés por Asados (Rianxo).

10.- Modificación do convenio de colaboración do Concello de Arteixo para o aboamento dos gastos de enerxía eléctrica, mantemento e reparación da estación de bombeo nº 3 do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo.

11.- Aprobación inicial do Plan de travesías 2007 2ª fase integrado polo proxecto modificado nº 1 da travesía da E.P. 3109 de Vilaboa a Peiro por Tarrío (Culleredo).

Promoción Económica, Emprego e Turismo

12.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa entidade Fogar Español de Montevideo (Uruguai) para a adquisición dun minibús para transporte de persoas con mobilidade reducida que dea prestacións asistenciais aos socios da entidade beneficiaria, cunha achega provincial máxima de 25.000 €, 50% do orzamento total a financiar.

13.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa entidade Padroado da Cultura Galega de Montevideo-Uruguai, para financiar a adquisición de mobiliario e equipamento do salón multifuncional da nova sede da entidade, cunha achega provincial máxima de 15.000 €, 80% do orzamento total a financiar.

14.- Aprobar a formalización dun convenio de colaboración coa entidade Fundación Galicia Emigración para a celebración do I Congreso Técnico de Empresarios “O futuro dos emprendedores galegos”, que terá lugar na cidade de Montevideo (Uruguai), cunha achega provincial máxima de 30.000 €, 75% do orzamento total a financiar.

Persoal e Réxime Interior

15.- Desestimación das alegacións formuladas contra o cadro de persoal e a relación de postos de traballo e aprobación definitiva do cadro de persoal e a relación de postos de traballo 2007.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓN
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 25 DE XANEIRO DE 2007

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 25 de xaneiro de 2007, reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar sesión **ordinaria** .

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR:

DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA PSOE

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON JOSÉ LUIS ARMADA CASTRO	PSOE
DON XAIME BELLO COSTAS	BNG
DON JOSÉ BLANCO PAZOS	PP
DON MANUEL CAAMAÑO LOURO	PP
DON FRANCISCO ANTONIO CANDELA CASTRILLO	PSOE
DONA SOCORRO CEA VÁZQUEZ	BNG
DON JOSÉ MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON GERMÁN DIZ ARÉN	PSOE
DON JOSÉ FERREIRO PARDIÑAS	PP
DON JOSÉ LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSÉ ANDRÉS GARCÍA CARDESO	PP
DON JOSÉ GARCÍA LIÑARES	PSOE
DONA RAQUEL JABARES FERNÁNDEZ	BNG
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON EDUARDO LAMAS SÁNCHEZ	PP
DON CARLOS ENRIQUE LÓPEZ CRESPO	PP
DON JOSE MANUEL LÓPEZ VARELA	PP
DON JOSÉ FEDERICO NOGUEIRA FERNÁNDEZ	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON MIGUEL PRADO PATIÑO	PP
DON RAMÓN QUINTÁNS VILA	PSOE
DON ERNESTO RIEIRO OREIRO	PP
DON ALEJANDRO RODRÍGUEZ LEMA	PSOE

DONA PILAR SOUTO IGLESIAS	PSOE
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER	PP
DONA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON PABLO VILLAMAR DÍAZ	BNG

Non asiste o Sr. Campo Fernández.

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e cinco minutos, o Sr. Secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante aos cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN CELEBRADA O DÍA 22 DE DECEMBRO DE 2006.

Se presta aprobación al acta anterior nº 13/06, correspondente á sesión celebrada o día 22 de decembro de 2006.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 23.343 Á Nº 25.079 DE 2006 E DA Nº 1 Á Nº 354 DE 2007.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 23.343 á nº 25.079 de 2006 e da nº 1 á nº 354 de 2007.

3.- MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN NÚMS. 10ª APARTADO C) 43ª.3º, 44ª. 6º E 48ª DO ORZAMENTO DO EXERCICIO 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Despois de examinar o expediente e máis a documentación que se presenta segundo o artigo 37 do Real decreto 500/90, do 20 de abril.

Esta Comisión adopta o seguinte acordo:

1º.- Rectificar o erro material ou de feito apreciado na redacción do apartado 3º da Base 43ª (Persoal funcionario) e do apartado 6º da Base 44ª (Persoal laboral) onde di “A asignación individual deste complemento corresponderalle ao presidente a proposta do xefe do Servizo correspondente” debe dicir “O

procedemento a seguir na súa tramitación será determinado logo da negociación cos representantes do persoal”.

2º.- Determinar a redacción definitiva do apartado c) da Base 10ª dedicado ás normas particulares da vinculación xurídica dos créditos que será do seguinte teor literal:

C) Normas particulares:

- ...

- Os gastos de persoal que se recollen no capítulo I, “Acción social en favor do persoal funcionario e laboral e **daqueles outros que se tramiten como proxectos de gastos**” a vinculación na clasificación funcional será a nivel de programa:

- Clasificación orgánica: Servizo (catro díxitos)
- Clasificación funcional: Programa (catro díxitos)
- Clasificación económica: Artigo (dous díxitos)

3º.- Incorporar ás subvencións nominativas recollidas na Base 48ª do Orzamento Provincial do exercicio 2007 as que se enumeran a continuación, ao abeiro do disposto nos apartados a) e c) do artigo 22.2. da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

<u>APLIC. ORZ.</u>	<u>BENEFICIARIO</u>	<u>OBXECTO</u>	<u>E</u>	<u>FINALIDADE</u>
<u>IMPORTE</u>				
0104/330B/489.01	Cruz Vermella	Desenvolv. rede centros desen. asoci.	rural	97.900
,00				
0104/463C/489.01	Fund. Galicia Emigración	Celebración congreso		30.000
,00				
0104/463C/789.01	Fogar Español (Montevideo)	Adquisición dun minibús		25.000
,00				
0104/463C/789.01	Padroado da Cul.Gal. Montevideo	Adquisición mobiliario e equip. da sala na sede		
15.000,00				

4º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a publicación do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, segundo o establecido no artigo 38 en relación cos artigos 20 e 22 do citado RD 500/90.

Se transcorrido o dito prazo non se formularon reclamacións, o acordo considerarase aprobado definitivamente. No caso de que se presenten reclamacións, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.”

4.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “SANEAMENTO DO NÚCLEO DO PEREIRO DE ABAIXO” DO CONCELLO DE CABANAS INCLUÍDA NO POS 2005, CÓDIGO 05.2100.0061.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Visto o expediente de resolución de contrato da obra **Saneamento no núcleo de Pereiro de Abaixo** do Concello de Cabanas, incluída no P.O.S. 2005 co código: 05.2100.0061.0.

Visto o proxecto modificado presentado polo Concello de Cabanas que non representa variación no seu presuposto de contrata.

Aprobar o proxecto modificado da obra **Saneamento no núcleo de Pereiro de Abaixo** do Concello de Cabanas, incluída no P.O.S. 2005 co código: 05.2100.0061.0.

A distribución do financiamento desta obra entre o Estado - Deputación e Concello queda como desequilibrado se indica, non varía a achega de Estado + Deputación sobre o orzamento de adxudicación inicial, mentres que o concello asumirá o importe necesario até acadar o orzamento do proxecto modificado:

Proxecto modificado “Saneamento no núcleo de Pereiro de Abaixo” (Concello de Cabanas) Código: 05.2100.0061.0	
	Orzamento de contrata
Deputación fondos propios	50.849,63
Deputación préstamo	40.771,32
Estado	16.780,55
TOTAL SUBVENCIÓN ESTADO + DEPUTACIÓN	83.084,15
Concello	31.389,10
TOTAL	114.473,25

5.-APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE ALTERACIÓN DA CUALIFICACIÓN XURÍDICA DOS TERREOS CUXA DESCRICIÓN E SUPERFICIE FIGURA NO PLANO REDACTADO POLO SERVIZO DE ARQUITECTURA, ASÍ COMO DO EDIFICIO EN CONSTRUCCIÓN SITUADO NEL QUE PASA A DENOMINARSE “PRISMA DE CRISTAL” (QUE FIGURABA PROVISIONALMENTE CO NOME “CENTRO DAS ARTES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA”) SITO NOS TERREOS DO COLEXIO CALVO SOTELO, AVDA. DE LABAÑOU, PARA A SÚA CUALIFICACIÓN COMO BEN PATRIMONIAL E COMO TRÁMITE PREVIO Á INICIACIÓN DO EXPEDIENTE DE CESIÓN DE USO.

INTERVENCIÓNS

Sr. López Crespo

O grupo do Partido Popular ante este punto, evitouno, como é o costume, e tratou de racionalizar o tema, para dar unha proposta, unha votación, aquí no Pleno que

favorecese a todos os cidadáns da provincia. Neste caso, foi o grupo do Partido Popular no mandato 99-2003, cando se iniciou o expediente para a construción desta obra, cunha vocación, que non vén ao caso agora, pero ben, que era unha vocación museística, e mesmo de liberar outro inmóbel que ten a Deputación na rúa da Franxa e deixalo libre para outras funcións, pero non é o tema que nos trae agora aquí; agora, o goberno actual da Deputación, de forma totalmente lexítima, e evidentemente non podería ser doutra maneira, pretende facer unha alteración da cualificación para un futuro uso doutra función distinta á que o goberno, naquel momento do Partido Popular, creou esta infraestrutura.

Pois ben, despois de pensalo, matizalo e velo, chegamos á conclusión de que o noso voto non debe inviabilizar a intención do goberno actual da Deputación, e nese sentido parécenos correcto que o goberno actual da Deputación siga adiante coa súa proposta. Polo tanto, o noso voto de hoxe vai ser de abstención.

Pero si que anunciamos, como facemos sempre, que nunha segunda etapa deste proceso, que sería vía convenio, vía negociación con outro organismo de carácter nacional, para lle dar outra función distinta a este local, aí si que non imos manter o da abstención, nin sabemos se imos votar que non nin que si, pero é moi posíbel que se nos convencen, e seguro que si, porque o van facer ben, como agardamos, a cambio dunhas contraprestacións para os cidadáns de toda a provincia da Coruña, de todos os concellos da provincia da Coruña, cambiaremos o noso voto, e aí si que xa tomaremos unha opción: de si -oxalá que si-, ou de non.

Polo tanto, repito, parécenos lexítima a decisión do goberno. Nós, co noso voto non inviabilizamos a súa vontade política, e por iso o noso voto, neste caso, vai ser de abstención, ofrecéndolle xa, desde este momento, o estudo desa outra segunda fase para nos manifestar, sempre pensando na mellora dos veciños de todos os concellos da provincia. Máis nada e moitas grazas.

Sr. presidente

Grazas, Sr. López Crespo. Sinceramente, gustaríame que o Grupo Popular votase que si a este punto, e que fose unha operación que fíxésemos todos os grupos políticos de común acordo, porque é bo para a cidade, é bo para a provincia, é bo para Galicia, e é, fundamentalmente, bo para a Deputación. Efectivamente, este edificio, esta obra proxectouse e adxudicouse no mandato de vostedes na Presidencia da Deputación, pero fíxose nun edificio -e vostede sabe coma min-, sen ningún proxecto museístico detrás, fíxose un edificio coa finalidade de traspasar a Escola de Danza da Coruña e levar os cadros que hai na Deputación e pólos alí. O que pasa que o contedor é impresionante, é un edificio singular, por suposto, un edificio que foi seleccionado polo goberno de España para mostrar no MOMA de Nova York como unha manifestación da arquitectura actual de España, é un edificio singular, e por suposto supera con moito ao que pode ser un edificio para albergar a pinacoteca que ten a Deputación, que ten un interese patrimonial moi limitado, e que non sería unha chave

de atractivo para ningún visitante. Ese edificio ten salas de vinte e pico metros de alto, como imos colgar un cadro?.

Por outra parte, dotar de contido a ese edificio, facer un proxecto museístico que non había cando se decidiu facer, suporía investir miles de millóns de pesetas da Deputación para conseguir un edificio atractivo, para que a xente estivese motivada a ir a velo. E este goberno púxose desde o principio a buscarlle unha utilidade, temos un edificio, non sabemos que facer con el, porque non había ningún proxecto museístico, e imos a buscarlle unha utilidade. E a utilidade que encontramos, se cadra haxa outras mellores, que se nos escapan, a utilidade que encontramos foi crear aquí o Museo Nacional da Ciencia e Tecnoloxía de España, que, como di o secretario de Estado de Educación, con data do 11 de xaneiro, di: “tendo en conta a situación actual do museo, o Ministerio de Educación e Ciencia decidiu impulsar o actual Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía, partindo da base que as institucións do estado poden estar distribuídas en todo o territorio, optando por que o Museo Nacional de Ciencia e Tecnoloxía da Coruña sexa o centro da rede de divulgación científica nacional. Di: “os seus obxectivos? O novo Museo da Ciencia e Tecnoloxía da Coruña nace para ser unha plataforma interactiva de comunicación, exposición e experimentación en museo da ciencia e a tecnoloxía en España; obxectivos: crear un centro de irradiación de cultura científica no país e fóra do país; fomentar a interactividade entre os diferentes museos da ciencia, as comunidades científicas, profesores e profesionais vinculados; potenciar a difusión e o coñecemento dos mozos científicos e o seu proxecto.” E mesmo teñen, como alternativa a medio prazo, facer aquí unha residencia de investigadores, que se podería conseguir cedendo unha parte do inutilizado Colexio Calvo Sotelo. Creo que é unha boa alternativa para este edificio, unha boa alternativa para a Deputación e para Galicia. E agora traemos, como vostedes saben, a desafectación como ben de dominio público, pasalo a ben patrimonial para poder ceder este edificio ao goberno para que faga aquí o museo do Prado en tecnoloxía, aquí, nesta cidade estará o museo do Prado de tecnoloxía, o Museo da Ciencia e Tecnoloxía de España.

Haberá que asinar logo convenios, e haberá outros puntos que terán que desenvolverlo e agardo que teñamos a comprensión do Partido Popular e poder facelo de común acordo. En calquera caso, as contraprestacións non poderán ser moi grandes para os concellos, é dicir, que contraprestación pode ter o museo do Prado para un concello de 5.000 habitantes?; o que si imos esixir é que as visitas de escolares da provincia sexan gratuítas, por suposto. E imos esixir tamén que se a Deputación organiza algún día algún ciclo de divulgación científica e tal, que se faga alí; e algunha outra cousa que sexa razoábel; o que non parece moi razoábel é o que me dicía un funcionario da Deputación: “cantos días lle imos pedir para que ceda á Deputación?, que pode facer a Deputación nese museo? Nada.

En calquera caso, agradézolle a abstención, que sempre é mellor ca o voto negativo, e agardo que neste proceso que agora se inicia, que terá que desenvolverse ao longo doutros plenos, poder contar coa colaboración do Grupo Popular. E isto é unha cousa que non é política nin ideolóxica; é unha cousa que lle

convén á Deputación, e lle convén a Galicia, que poidamos camiñar todos xuntos e de común acordo.

Sr. López Crespo

Despois de escoitalo agora case me parece que nos adiantamos a esa segunda fase da que eu falaba. Se iso que vostede remata de dicir figurase noutro punto, que supoño que non é posíbel procedementalmente, por iso non se fai, se iso figurase, non teña dúbida, xa o temos racionalizado, e case seguro que votásemos que si. Tampouco quero que nos deixe aquí como se nós non quixésemos formar parte dunha unidade racional de optimización dos recursos; claro que queremos, pero aquí a explicación é unha soa e boa para que nós digamos que é lexítimo, ata nos parece bo que o goberno vote a favor deste cambio de tipo de ben, pero a nós aínda non nos chegou a hora de falar dese museo, dese intercambio, porque si que hai moitas cousas que seguro que se poden facer, non cos concellos, cos habitantes dos concellos, que son os que de verdade, principalmente os nenos, no ensino, deste mundo novo da tecnoloxía.

Repito: nosoutros abstémonos deste paso, sabéndoo e sendo conscientes de que non o inviabilizamos; e na segunda fase, se fose como vostede remata de dicir agora, eu creo que xa case o podíamos meter agora e estaríamos todos xuntos nesa marabillosa empresa para a provincia da Coruña. Grazas.

Sr. presidente

Grazas, López Crespo. Trataremos de traer un convenio, cando o teñan redactado, e por suposto, terá que sentenciar o Pleno. E pediremos contrapartidas, contrapartidas de que sexan gratuítas, que sexan guiadas para os escolares, e que poidamos utilizar o salón de actos que hai alí para ciclos científicos, se a Deputación organiza algún.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados (11 do PP e 5 do BNG)
Votan en contra: ningún deputado
Abstéñense: 14 deputados (PP)

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o expediente de alteración de cualificación xurídica dos terreos cuxa descrición e superficie figura no plano redactado polo Servizo de Arquitectura, así como do edificio en construción que se sitúa nel e que pasa a denominarse “Prisma de Cristal” (figuraba provisionalmente co nome “Centro das

Artes da Deputación da Coruña) sito en terreos do Colexio Calvo Sotelo, Avda. de Labañou, para a súa cualificación como ben patrimonial e como trámite previo á iniciación do expediente de cesión de uso (superficie 4.622,31 m2).

2.- Expor o citado expediente a información pública durante o prazo dun mes, contado a partir da publicación no BOP.”

6.- RECTIFICACIÓN DO ERRO APRECIADO NA DISTRIBUCIÓN DO FINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN “EQUIPAMENTO MOBILIARIO DA CAFETERÍA DO ALBERGUE MUNICIPAL DE MERA” DO CONCELLO DE ORTIGUEIRA, INCLUÍDA NA SEGUNDA FASE DO PLAN ADICIONAL 1/2005 AO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005. CÓDIGO 05.3201.0275.0.

INTERVENCIONS

Sr. López Crespo

Para dicir que o Grupo Popular, desde este punto ata o 15, inclusive, vai votar que si.

ACORDO

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“Visto o erro existente nas achegas do Concello de Ortigueira e da deputación, no tocante ao financiamento da subministración denominada “Equipamento mobiliario da cafetería do albergue municipal de Mera”, que foi incluída na 2ª fase do Plan adicional 1/2005 ao Plan de investimentos locais 2005, aprobada polo Pleno provincial do día 30.11.2006, e que non afecta ao seu orzamento total.

1.- Aprobar a rectificación do erro apreciado na distribución do financiamento relativo ao investimento do Concello de Ortigueira “Equipamento mobiliario da cafetería do albergue municipal de Mera”, código 05.3201.0275.0, de tal xeito que as cifras correctas do financiamento do concello e da deputación sexan as seguintes:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	FINANCIAMENTO		
			ORZAMENTO	DEPUTAC.	CONCELLO
ORTIGUEIRA	05.3201.0275.0	EQUIP.MOBIL. CAF. ALBERGUE MPAL. MERA	15.000,00	2.710,07	12.289,93

7.- APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2007.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o Plan de conservación de vías provinciais 2007, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 5.897.467,54 euros.

TÍTULO	CÓDIGO DA	ORZAMENTO
GRUPO 1A: ORTIGUEIRA	0711000001.0	145.163,49
GRUPO 1B: CARIÑO	0711000002.0	60.107,21
GRUPO 2: MAÑÓN E AS PONTES	0711000003.0	198.803,84
GRUPO 3: CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO	0711000004.0	236.766,03
GRUPO 4: FERROL E NARÓN	0711000005.0	92.552,86
GRUPO 5: MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS	0711000006.0	65.146,08
GRUPO 6: ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA	0711000007.0	137.305,81
GRUPO 7: CABANAS, MIÑO E PONTEDEUME	0711000008.0	132.404,44
GRUPO 8: IRIXOA, MONFERO, PADERNE E VILARMAIOR	0711000009.0	406.720,85
GRUPO 9: OLEIROS E SADA	0711000010.0	228.160,61
GRUPO 10: CAMBRE E CARRAL	0711000011.0	205.827,08
GRUPO 11: ABEGONDO, BERGONDO E BETANZOS	0711000012.0	297.340,51
GRUPO 12: ARANGA, CESURAS, COIRÓS E CURTIS	0711000013.0	237.124,46
GRUPO 13: BOIMORTO, FRADES, MESÍA, ORDES, OROSO E VILASANTAR	0711000014.0	155.039,12
GRUPO 14: MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES	0711000015.0	177.042,11
GRUPO 15: ARZÚA, BOQUEIXÓN, O PINO, TOURO	0711000016.0	174.466,12
GRUPO 16: ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO	0711000017.0	295.320,84
GRUPO 17: CARBALLO, CERCEDA E A LARACHA	0711000018.0	324.647,85
GRUPO 18: CABANA, CORISTANCO, MALPICA, PONTECESO E ZAS	0711000019.0	450.556,27
GRUPO 19: CAMARIÑAS, LAXE E VIMIANZO	0711000020.0	154.116,01
GRUPO 20: CEE, CORCUBIÓN, DUMBRÍA E MAZARICOS	0711000021.0	181.854,66
GRUPO 21: AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA	0711000022.0	229.310,88
GRUPO 22: ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA	0711000023.0	301.058,84
GRUPO 23: MAZARICOS, MUROS E OUTES	0711000024.0	178.244,92
GRUPO 24: BOIRO, LOUSAME E NOIA	0711000025.0	154.853,03
GRUPO 25: BRIÓN, DODRO, PADRÓN E ROIS	0711000026.0	146.645,76
GRUPO 26: AMES, SANTIAGO, TEO E VEDRA	0711000027.0	178.015,83
GRUPO 27: BOIRO E RIANXO	0711000028.0	97.339,89
GRUPO 28: POBRA , PORTO DO SON E RIBEIRA	0711000029.0	107.637,77
GRUPO 35: EP 2904 DE CORISTANCO A SANTA COMBA	0711000030.0	48.673,76
GRUPO 36: EP 3404 DE SERRA DE OUTES A DUMBRÍA	0711000031.0	99.220,61

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan consideraranse definitivamente aprobados.”

8.- APROBACIÓN DO PROXECTO COMPLEMENTARIO Nº 1 ACTUACIÓN COMPLEMENTARIAS DE SEGURIDADE VIARIA E AMBIENTAIS NA E.P. 7202 RIANXO A BURÉS POR ASADOS (RIANXO).

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2007, 1ª fase cun orzamento total de 70.454,62 euros e que son as que deseguido se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
0711300001.0	COMPLEMENTARIO Nº 1 ACTUACIONES COMPLEMENTARIAS DE SEGURIDADE VIARIA E AMBIENTAIS NA TRAVESÍA E.P. 7202 RIANXO A BURES POR ASADOS (RIANXO)	70.454,62
	TOTAL	70.454,62

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a deputación até que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aproba definitivamente o plan ou a súa fase correspondente.

2.- Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adaptación dos acordos e remisión da documentación á que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 28/04/05 (BOP 107/12-5-2005).”

9.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 TRAVESÍA DA E.P. 7202 RIANXO A BURÉS POR ASADOS (RIANXO).

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado da travesía na E.P. 7202 Rianxo a Burés por Asados Pk. 0,00 ao 0,45 (Rianxo) polo seu orzamento de contrata de 584.489,98 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 96.930,87 euros.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo (COBRA INSTALACIONES Y SERVICIOS, S.A. con CIF A-46146387), as modificacións do contrato , que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 422.995,39 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 70.148,87 euros.

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 14.029,77 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando polo tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 84.599,07 euros. “

10.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN DO CONCELLO DE ARTEIXO PARA O ABOAMENTO DOS GASTOS DE

ENERXÍA ELÉCTRICA, MANTEMENTO E REPARACIÓN DA ESTACIÓN DE BOMBEO Nº 3 DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE SABÓN-ARTEIXO.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar a modificación do convenio de colaboración co Concello de Arteixo, para o aboamento dos gastos de enerxía eléctrica, mantemento e reparación da estación de bombeo número 3 do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo, suscrito o 8 de maio de 2003.”

11.- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2007 2ª FASE INTEGRADO POLO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DA TRAVESÍA DA E.P. 3109 DE VILABOA A PEIRO POR TARRÍO (CULLEREDO).

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2007 2ª fase cun orzamento total de 819.863,29 euros e que son as que deseguido se detallan:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
05.1130.0017.0	MODIFICADO Nº 1 DO DA TRAVESÍA NA E.P. 3109 VILABOA A PEREIRO POR TARRÍO PK. 0,000 AO 3,120 1ª FASE (CULLEREDO)	819.863,29
	TOTAL	819.863,29

Esta aprobación inicial ten o carácter de mera programación, que non xera polo tanto ningún compromiso económico nin de execución para a deputación até que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprrobe definitivamente o plan ou a súa fase correspondente.

2.- Remitir os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adaptación dos acordos e remisión da documentación á que se refire a Base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 28-04-05 (BOP 107/12-5-2005)”

12.- APROBAR A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE FOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA A ADQUISICIÓN DUN MINIBÚS PARA TRANSPORTE DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA QUE DEA PRESTACIÓNS ASISTENCIAIS AOS SOCIOS DA ENTIDADE BENEFICIARIA, CUNHA ACHEGA PROVINCIAL MÁXIMA DE 25.000 €, 50% DO ORZAMENTO TOTAL A FINANCIAR.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración, cuxo texto se xunta, coa entidade Fogar Español de Montevideo (Uruguai) para a adquisición dun minibús para transporte de persoas con mobilidade reducida que dea prestacións asistenciais aos socios da entidade beneficiaria, cunha achega provincial máxima de 25.000€, 50% do orzamento total a financiar.

2º. Facultar ao presidente da deputación para a execución do presente acordo. “

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O FOGAR ESPAÑOL DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA A ADQUISICIÓN DUN MINIBÚS PARA TRANSPORTE DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA.

A Coruña, a XX de XXX de 2006

REUNIDOS

Dunha parte *D.Salvador Fernández Moreda*, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, *D. Benito Grande Quintana*, que intervén neste acto en nome e representación da Asociación Civil de Beneficencia “Fogar Español”, cuxo domicilio social está na Avenida de las Instrucciones 981, da cidade de Montevideo (Uruguai), entidade sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da lexislación da República Oriental de Uruguai, e actúa na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo co artigo 32 dos seus Estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente **convenio de colaboración**.

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña, en adiante deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O Fogar Español de Montevideo (Uruguai) é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para atender os españois nativos, anciáns e desamparados de familiares. Entre as súas fins figura a de illar anciáns imposibilitados para o traballo e carentes de medios de subsistencia e parentes que poidan mantelos; resolver os problemas da ancianidade entre os españois nativos, prestando os servizos necesarios que requira a súa atención.

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitos dos cidadáns galegos que neles residen estean a vivir unha insostíbel situación persoal de precariedade económica e asistencial.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar unha mellor calidade de vida para aqueles que están máis necesitados, prestando especial atención ao colectivo da terceira idade, xa que é este colectivo o que máis sofre as consecuencias das crise económicas e, en moitos casos, impídelles dispor dos medios para garantir a súa cobertura asistencial mínima.

É por iso que ambas as dúas entidades, estimando conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir unha calidade de vida mínima para a comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Adquisición dun minibús para transporte de persoas con mobilidade reducida, que dea prestacións asistenciais aos socios da entidade beneficiaria.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a achegar a cantidade de 25.000 euros para a adquisición do minibús, 50% do custo do orzamento subvencionado que se financia.

O Fogar Español comprométese a realizar a adquisición financiada, orzada en 50.000 euros, observando o disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e con carácter previo á realización da adquisición a solicitar, polo menos, un mínimo de

tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía e debendo xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación realizarase trala xustificación acreditativa do cumprimento do obxecto do convenio, que se realizará mediante a presentación da seguinte documentación:

- Memoria da actuación, subscrita polo presidente ou representante da entidade beneficiaria, xustificativa do cumprimento, aludindo ademais á publicidade do financiamento provincial.

- Factura, ou facturas, ou outros documentos de valor probatorio equivalente
- Acta de recepción.

- Acreditación do acordo de aprobación das facturas polo órgano competente da entidade beneficiaria.

Non obstante o sistema de pagamento previsto, a entidade beneficiaria por causas debidamente xustificadas poderá solicitar o seu fraccionamento.

Os pagos materializaranse logo dos informes do Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e da Intervención de Fondos Provinciais. Da súa aprobación darase conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación

A entidade deberá presentar declaración de estar ao corrente no cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionábel xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

O Fogar Español comprométese a:

- a.- Dar publicidade do financiamento da adquisición do vehículo con cargo aos orzamentos da Deputación da Coruña.

- b.- Pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo da obra financiada.

- c.- Destinar o ben á fin concreta para que o se concedeu a subvención, que non poderá ser inferior a cinco anos. O incumprimento da obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida nos termos establecidos na lei.

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos financiados, minorarase a achega da deputación, aboándose o 100% da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado conforme ao previsto na cláusula sexta.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO.

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente convenio estará en vigor desde o día da súa sinatura ata o cumprimento do seu obxecto. Agás circunstancias debidamente xustificadas, o convenio non producirá efectos máis aló do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

As lagoas ou diverxencias que se poidan apreciar na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaas e resolveraas, motivadamente, a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006 do 21 de xullo e nas Bases de execución do orzamento da Deputación Provincial da Coruña.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución.

O Fogar Español deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización da actividade financiada non fosen adecuadamente xustificadas. A aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do... dede 2007.....

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

Salvador Fernández Moreda

D. Benito Grande Quintana

13.- APROBAR A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE PADROADO DA CULTURA GALEGA DE MONTEVIDEO-URUGUAI, PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DO SALÓN MULTIFUNCIONAL DA NOVA SEDE DA ENTIDADE, CUNHA ACHEGA PROVINCIAL MÁXIMA DE 15.000 €, 80% DO ORZAMENTO TOTAL A FINANCIAR.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración, cuxo texto se xunta, coa entidade Padroado da Cultura Galega, de Montevideo-Uruguai, para financiar a adquisición de mobiliario e equipamento da sala multifuncional da nova sede da entidade, cunha achega provincial máxima de 15.000€, 80% do orzamento total a financiar.

2º. Facultar ao presidente da deputación para a execución do presente acordo. “

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O PADROADO DA CULTURA GALEGA DE MONTEVIDEO (URUGUAI) PARA FINANCIAR A ADQUISICIÓN DE MOBILIARIO E EQUIPAMENTO DUNHA SALA MULTIFUNCIONAL DA NOVA SEDE DA ENTIDADE

A Coruña, a XX de XXX de 2007

REUNIDOS

Dunha parte, *D.Salvador Fernández Moreda* que intervéen neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, *Dna. María del Carmen Lorenzo* que intervéen neste acto en nome e representación do Padroado da Cultura Galega, cuxo domicilio social está na rúa Río Branco de Montevideo (Uruguai), entidade sen ánimo de lucro constituída, actuando na súa calidade de presidenta e conforme ás competencias que ten atribuídas de acordo cos seus Estatutos.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración.

EXPOÑEN

A Deputación da Coruña, en adiante deputación, é unha entidade pública local de ámbito provincial que ten entre as súas fins propias e específicas garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, sendo competencias propias, entre outras, as de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e, en xeral, o fomento e administración dos intereses peculiares da provincia.

O Padroado da Cultura Galega é unha institución privada sen fins de lucro, constituída para o achegamento da colectividade galega ao pobo uruguaio. Entre as súas fins figura a defensa, difusión e incremento dos valores culturais de Galicia e acrecentar os vínculos entre os pobos galego e uruguaio.

As asociacións de comunidades galegas no exterior son, en moitos casos, o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe. A provincia da Coruña, os seus cidadáns e as institucións que a representan teñen, e deben manter, unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus concidadáns que por diversas circunstancias están afastados da súa terra.

A problemática situación económica e social pola que están a atravesar a maioría dos países latinoamericanos, trae consigo que moitas das entidades sociais constituídas polos cidadáns galegos estean a vivir unha insostíbel situación de precariedade económica.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades procurar a pervivencia das entidades asociativas galegas co afán de axudar a unha mellor calidade de vida, especialmente para aqueles que están máis necesitados, e mellorar a divulgación dos valores culturais galegos.

É por iso que ambas as dúas entidades, estiman conveniente a realización de actuacións que impliquen garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior, acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

Financiar o equipamento dunha sala multifuncional no novo local social situado na Avenida Rondeau 1421 de Montevideo (Uruguai). A devandita sala ten un aforamento de 150 persoas e está destinada á realización de actividades culturais de todo tipo, tales como teatro, cine e artes escénicas en xeral, exposicións de pintura, mostras de arte e similares.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A deputación comprométese a achegar a cantidade de 15.000€ para a adquisición de mobiliario e equipamento da sala multifuncional no novo local social da entidade, 80% do custo da actuación a financiar, conforme co seguinte orzamento:

200 cadeiras fixas de base metálica.....	10.000 euros
2 mesas de madeira para conferencias e butacas.....	800 euros
Equipamento lumínico.....	5.650 euros
Rieis e paneis para exposicións.....	900 euros
Tarima -deck para escenario.....	1.400 euros
TOTAL-----	<u>18.750 euros</u>

A entidade beneficiaria comprométese, de conformidade co disposto no artº 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, con carácter previo ás adquisicións previstas, a solicitar, polo menos, un mínimo de tres ofertas de diferentes provedores, escollendo de entre as recibidas a que resulte máis adecuada conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberase xustificar a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

A achega da deputación materializarase mediante as seguintes transferencias bancarias á conta designada pola entidade:

1ª transferencia: 7.500 euros (50% do total a achegar) á sinatura do convenio. Previa á transferencia, a entidade remitiralle á deputación garantía suficiente equivalente ao importe anticipado.

2ª transferencia: 7.500 euros (50% restante) despois da xustificación do cumprimento total do obxecto do convenio. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída.

Non obstante o indicado para o sistema de pagamentos, a entidade beneficiaria poderá optar por remitir con carácter previo ao primeiro pagamento (1ª transferencia) a documentación xustificativa correspondente, en cuxo caso non terá obriga de prestar a garantía mencionada.

O Padroado da Cultura Galega comprométese a remitir como documentación xustificativa da adquisición das provisións

d. Memoria da actuación subscrita polo presidente ou representante da entidade beneficiaria xustificativa do cumprimento.

e. Relación clasificada de gastos realizados.

f. Facturas, ou outros documentos de valor probatorio equivalente, ao gasto realizado (e pago, se opta polo anticipo de fondos).

g. Acta de recepción.

h. Acreditación da aprobación das facturas polo órgano competente da entidade beneficiaria.

As correspondentes transferencias bancarias materializaranse logo dos informes do Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e UE, e da Intervención de

Fondos Provinciais. Dos pagamentos aprobados darase conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación

No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos financiados, minorarase a achega da deputación, aboándose o 80% da cantidade realmente xustificada.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado conforme ao previsto na cláusula sexta.

Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día de remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

O Padroado da Cultura Galega comprométese:

1º: A dar publicidade do financiamento das adquisicións con cargo aos orzamentos da Deputación Provincial da Coruña

2º A pór en coñecemento da deputación aquelas axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo da adquisición financiada.

3º A destinar o local reformado con cargo á subvención provincial á finalidade indicada no presente convenio durante un prazo mínimo de cinco anos. O incumprimento desta obriga de destino será causa de reintegro da subvención percibida.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor desde o día da súa sinatura ata a terminación da obra a financiar. Agás circunstancias debidamente xustificadas, o convenio non subministrará efectos máis alá do 31 de decembro de 2007.

QUINTA: INTERPRETACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

As lagoas ou diverxencias que se aprecien na aplicación do presente convenio integraraas, interpretarás e resolverás, motivadamente, a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e a normativa española aplicábel, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento 887/2006, do 21 de xullo e as Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña para 2007.

Non obstante o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá iniciar as accións xurisdicionais que estime oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que fosen competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: INCUMPRIMENTO

O incumprimento de calquera das estipulacións do presente convenio constituirá causa suficiente da súa resolución.

O Padroado da Cultura Galega deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades que percibidas con carácter previo á realización dos correspondentes pagamentos da adquisición, non fosen adecuadamente xustificadas. Non procederá a aplicación dos xuros de mora correspondentes ás cantidades a reintegrar, cando o incumprimento obedecese a causa non imputábel á entidade beneficiaria.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario do... de... de 2007

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Salvador Fernández Moreda

A PRESIDENTA DO PADROADO DA CULTURA GALEGA DE MONTEVIDEO

M^a del Carmen Lorenzo

14.- APROBAR A FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ENTIDADE FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN PARA A CELEBRACIÓN DO I CONGRESO TÉCNICO DE EMPRESARIOS “O FUTURO DOS EMPRENDEDORES GALEGOS”, QUE TERÁ LUGAR NA CIDADE DE MONTEVIDEO (URUGUAI), CUNHA ACHEGA PROVINCIAL MÁXIMA DE 30.000 €, 75% DO ORZAMENTO TOTAL A FINANCIAR.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

“1º. Aprobar a formalización dun convenio de colaboración, cuxo texto se xunta, coa entidade Fundación Galicia Emigración para a celebración do I Congreso Técnico de Empresarios “O futuro dos emprendedores galegos”, que terá lugar na cidade de Montevideo (Uruguai), cunha achega provincial máxima de 30.000€, 75% do orzamento total a financiar.

2º. Facultar ao presidente da deputación para a execución do presente acordo. “

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA A CELEBRACIÓN DO I
CONGRESO TÉCNICO DE EMPRESARIOS “O FUTURO DOS EMPRENDEDORES
GALEGOS”

A Coruña, --- de ----- de 2007

REUNIDOS

Dunha parte, a FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN, na que actúa en nome e representación desta, o Ilmo. Sr. secretario xeral de Emigración, D. Manuel Luís Rodríguez González, consonte ás facultades que se lle atribúen no artigo 20 dos Estatutos da Fundación e na súa calidade de presidente desta.

Da outra parte, a EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, na que actúa en nome e representación dela o seu presidente, D. Salvador Fernández Moreda, ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases de réxime local, Lei 7/85, do 2 de abril, e na Lei 5/97, da administración local de Galicia.

As partes comparecentes recoñécense mutuamente plena lexitimación, capacidade e representación para a sinatura do presente convenio de colaboración e, para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a Fundación Galicia Emigración consonte ao artigo 1 dos seus estatutos, constitúese como unha organización de natureza fundacional, de interese galego, constituída sen ánimo de lucro, o patrimonio da cal está afectado de xeito duradeiro á realización das fins de interese xeral propios da entidade.

SEGUNDO.- Que, consonte co establecido no artigo 6 dos seus Estatutos, a Fundación Galicia Emigración ten como obxecto promover, incentivar e executar cantas accións se orienten á potenciación e difusión da galegitude en calquera parte do mundo, en especial nos lugares onde estean radicadas as Comunidades Galegas, a través, entre outras, de accións tendentes a apoiar aos galegos e aos seus descendentes que residan fóra da Comunidade Autónoma.

TERCEIRO.- Que a Deputación Provincial da Coruña, na súa función de apoio aos municipios da provincia amosa unha especial sensibilidade en relación á situación dos veciños que residen fóra de Galicia, en especial nos países de Iberoamérica.

Por outra banda, a Deputación Provincial da Coruña está interesada en colaborar coa Fundación Galicia Emigración na promoción da presenza do empresariado galego no exterior, e mediante a achega a favor desta Fundación dunha axuda económica nos termos definidos no presente convenio.

En virtude de todo o exposto, e no exercicio das competencias que lles son propias, as partes intervenientes están interesadas en establecer o presente convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Fundación Galicia Emigración relativa á celebración do I Congreso Técnico de Empresarios “O futuro dos emprendedores galegos” que terá lugar na cidade de Montevideo (Uruguai) no mes de marzo de 2007.

SEGUNDA.- COMPROMISOS DAS PARTES E ORZAMENTO

A Fundación Galicia Emigración, en execución do presente convenio, comprométese a:

- Realizar as actividades necesarias para a organización do I Congreso Técnico de Empresarios “O futuro dos emprendedores galegos”, entre as que se atopan as que deseguido se indican co seu detalle orzamentario:

ACTIVIDADE	ORZAMENTO
Asesoramento técnico en eventos empresariais	12.000,00 €
Apoio loxístico na organización de congresos internacionais	12.000,00 €
Accións de difusión e traslados de todo o equipo	12.000,00 €
Elaboración e impresión de materiais (imprenta, papelería e cartelería)	4.000,00 €

Os importes orzados poderán sufrir variacións por causa de imprevistos ou por necesidades sobrevidas na execución das actividades referenciadas

Remitirille á Deputación provincial un informe comprensivo dos gastos realizados e obxectivos acadados en execución do presente convenio.

O presente programa, que conta cun orzamento de corenta mil euros (40.000,00€), financiarase con cargo aos orzamentos para o 2007 da Deputación Provincial da Coruña e da Fundación Galicia Emigración de acordo ao seguinte:

Entidades financiadoras	Aplicación orzamentaria	Importe	% s/total
Deputación da Coruña	0104/463C/489.01	30.000,00 €	75 %
Fundación Galicia Emigración	Transf. e subvencións	10.000,00 €	25 %

TERCEIRA.- LIBRAMENTO DAS ACHEGAS

A achega da Deputación Provincial da Coruña será desembolsada do seguinte xeito:

- a) Librarase á sinatura do convenio un anticipo correspondente ao 80% do importe total da achega, para facer fronte aos gastos inaprazables derivados do presente convenio e dado o carácter non lucrativo da entidade executora. Con carácter previo á dita transferencia, a Fundación remitiralle á deputación a garantía suficiente equivalente ao importe anticipado. Coa proposta de aprobación da última xustificación poderá tramitarse a proposta de cancelación da garantía constituída, no seu caso.
- b) O importe restante será aboado unha vez finalizado o período de vixencia do convenio, logo da presentación previa por parte da Fundación da seguinte documentación:
 - Certificación asinada pola directora-xerente da Fundación Galicia Emigración do gasto realizado en execución do presente convenio. Na dita certificación constará o importe do gasto (e pagamento, se opta polo anticipo de fondos) realizado e a súa aprobación así como que a execución do devandito gasto realizouse consonte ao disposto na cláusula segunda do presente convenio e aos acordos da Comisión de Seguimento e Control. Á certificación achegarase listaxe dos conceptos de gasto e os correspondentes importes.

- Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a actividade obxecto da axuda, das distintas Administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Acreditación documental de estar ao corrente nas obrigas tributarias e sociais e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda por ningún concepto coa Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, coa Facenda Pública Estatal e a Seguridade Social.
- Así mesmo, a Fundación Galicia Emigración deberá estar ao corrente das súas obrigas fiscais coa Deputación da Coruña. Situación que determinará de oficio a propia deputación, a través do Servizo Provincial de Recadación.
- No caso de que as actividades non as preste a propia Fundación esta comprométese, de conformidade co disposto no art. 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións con carácter previo á realización dos servizos ou adquisicións, a solicitar, polo menos, tres ofertas de diferentes provedores, e elixirá de entre as recibidas a que resulta máis axeitada conforme a criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta máis vantaxosa.

Non obstante o previsto no apartado a), a Fundación poderá optar por remitirle á Deputación Provincial da Coruña con carácter previo a cada pagamento a documentación xustificativa correspondente, neste caso non terá obriga de prestar a devandita garantía.

A Deputación Provincial da Coruña financiará unicamente o 75% dos importes xustificadas pola Fundación, co límite de achega total de 30.000,00€. No caso de que non se xustifique a totalidade dos gastos, aboarase o 75% da cantidade realmente xustificada.

O importe da contribución da deputación, en concorrencia con outros ingresos non poderá superar o importe total dos gastos realizados. A achega provincial minorarase nunha cantidade equivalente ao exceso de financiamento recibido.

Sen prexuízo do disposto na cláusula quinta do presente convenio, a Fundación Galicia Emigración deberá reintegrarlle ao erario provincial aquelas cantidades percibidas con carácter previo á realización dos correspondentes pagamentos que non foran axeitadamente xustificadas no prazo sinalado sen que medie solicitude de prórroga, cos xuros de mora que lle fosen de aplicación.

Para o aboamento das achegas da Deputación provincial requirirase o informe previo dos servizos de Planificación, Desenvolvemento Territorial e UE e de Fiscalización da Intervención Xeral. Dos aboamentos aprobados darase conta ao servizo de Patrimonio e Contratación.

CUARTA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO E CONTROL

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveraas motivadamente unha comisión paritaria integrada por igual número de técnicos que designen para o efecto a deputación e a fundación. A citada comisión será presidida por un representante da Deputación Provincial da Coruña.

As cuestións litixiosas que xurdan na aplicación do presente convenio de colaboración, non resoltas pola Comisión Mixta de Seguimento e Control, serán resoltas pola xurisdición contencioso - administrativa.

QUINTA.- DIFUSIÓN

Na difusión de todas as accións que se poñan en marcha para o desenvolvemento do presente convenio figurará de forma expresa a imaxe corporativa das entidades asinantes.

SEXTA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Será causa de resolución do presente convenio e darán lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas nel.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintas aos determinados nel.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

SÉTIMA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e manterá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2007.

OITAVA.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto no presente convenio apicarase o disposto na Lei 38/2003 do 17/11, xeral de subvencións, no seu regulamento de desenvolvemento aprobado por Real decreto 887/2006, do 21/07, e nas Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña para 2007.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado en sesión plenaria ordinaria celebrada o día _____ de _____ de dous mil sete.

E en proba da plena e voluntaria conformidade dos intervinientes coas estipulacións arriba consignadas, ambas as dúas partes asinan e rubrican o presente instrumento convencional, por exemplar cuadruplicado, no lugar e data do seu encabezamento.

POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O PRESIDENTE

Asdo.: Salvador Fernández Moreda

POLA FUNDACIÓN GALICIA EMIGRACIÓN

O PRESIDENTE

Asdo.: Manuel Luís Rodríguez González

15.- DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS FORMULADAS CONTRA O CADRO DE PERSOAL E A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO E

APROBACIÓN DEFINITIVA DO CADRO DE PERSOAL E A RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO 2007.

Por unanimidade, préstase aprobación ao seguinte ditame da Comisión:

”Visto o escrito con data do 11/12/2006 (Rexistro Xeral de Entrada do 20/12/2006, nº 75513), presentado por D^a OFELIA MARTÍNEZ MARTÍNEZ, DNI 32610101-B, no que formula alegacións contra o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo desta deputación para 2007, aprobados inicialmente polo acordo plenario do 30/11/2006.

Resultando que fundamenta as súas alegacións, en síntese, en que nas titulacións esixidas na Relación de Postos de Traballo para os postos de Educador, adscritos ao Fogar Infantil de Ferrol, grupo B, nivel 21, figuran as de diplomado en Educación Social, diplomado en Pedagogía ou Mestre Especialidade de Educación Primaria, sen que se faga referencia ás persoas que, sen posuír ningunha destas titulacións, están habilitadas, de conformidade coa legalidade vixente, para integrarse no Colexio de Educadores Sociais de Galicia, e que, polo tanto, nas convocatorias que se elaboren para cubrir prazas e postos de Educadores Sociais, se inclúa como requisito esa dobre alternativa.

Considerando que, de conformidade co disposto no art. 171 do R.D. Lexislativo 781/1986, Texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local, os postos dos que se trata pertencen á subescala técnica de Admón. Especial, e a ela pertencen os funcionarios que desenvolvan tarefas “que son obxecto dunha carreira para cuxo exercicio esixen as leis estar en posesión de determinados títulos académicos ou profesionais”. Así, pois, a Relación de Postos de Traballo aprobada, cumpre todos os requisitos esixidos polo dito precepto, así como co disposto no art. 15 da Lei 30/1984, en canto aos seus requisitos, sen que sexa o seu obxecto definir as equivalencias académicas entre as titulacións, nin coas habilitacións profesionais.

Considerando que, aínda que a interesada formula a súa reclamación contra o Cadro de Persoal e máis a Relación de Postos de Traballo, esta afecta unicamente á última, xa que no Cadro de Persoal non figuran as titulacións requiridas para o acceso ás prazas.

Vistos os preceptos legais citados e demais concordantes e de aplicación.

DESESTIMAR as alegacións contra o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo para 2007, formuladas por D^a OFELIA MARTÍNEZ MARTÍNEZ.

Visto igualmente o escrito do 21/12/2006 (Rexistro Xeral de Entrada do mesmo día, nº 75799), presentado pola Sección Sindical da UXT desta deputación, formulando así mesmo alegacións contra os citados Cadro de Persoal e Relación de Postos de

Traballo para 2007, aprobados inicialmente polo acordo plenario indicado do 30/11/2006.

Resultando que fundamenta as súas alegacións, en síntese, en que non se cumpre o Plan de emprego 2006-2009 desta deputación, aprobado definitivamente polo acordo plenario do 23/02/2006 (o texto completo do acordo pódese consultar en <http://www.dicoruna.es/cari/acuerdos/docs/1142237657>), polo que se refire á transformación de prazas e posto de traballo de Celador/a en Auxiliar Educador/a (15 do Fogar Infantil Emilio Romay e 10 do Fogar Infantil de Ferrol), as de Velador/a en Auxiliar Educador/a Nocturno/a, e na modificación do posto de Subxefe do Parque Móbil no sentido de configuralo como a desempeñar por funcionarios dos grupos D/E.

Considerando que, tal como consta no propio texto do Plan de emprego que a recorrente estima infrinxido, as prazas de Celador/a a transformar son precisamente 25 (calendario de actuación, ano 2006, punto 12º), polo que neste aspecto o Cadro de Persoal e máis a Relación de Posto de Traballo están simplemente cumprindo o dito Plan de emprego. Así mesmo, polo que se refire ás prazas de Velador/a, ao realizar as mesmas funcións en traballo nocturno que os/as Celadores/as, incluíronse no Cadro de Persoal e na Relación de Postos de Traballo, sen que houbera oposición pola parte sindical, en concreto pola UXT, na correspondente Mesa Xeral de Negociación, polo que neste punto a reclamación supón ir contra os propios actos.

Considerando que non é posible legalmente realizar ningún proceso selectivo sen convocatoria previa e sen que existan as prazas no Cadro de Persoal e os postos na Relación de Postos de Traballo (arts. 30 e seguintes, en especial, 39, da Lei 4/1988, da Función Pública de Galicia), é necesario realizar a transformación primeiro, para poder convocar o proceso selectivo e cubrir as 28 prazas de Auxiliar Educador/a, tendo en conta, ademais, que, unha vez realizados os procesos selectivos, se aprobaran máis persoas que prazas convocadas, logo da avaliación previa dos postos de traballo e dentro das limitacións orzamentarias, se reclasificarían máis prazas.

Considerando que, polo que se refire ao posto de subxefe do Parque Móbil, e tendo en conta que quedou deserto o posto na última convocatoria de provisión, estando configurado unicamente para ser ocupado por funcionarios do grupo D, o único que se fai é ampliar os grupos de funcionarios que poden desempeñalo, para os do grupo E, e así que poida optar todo o persoal condutor; tendo en conta, ademais, que non é posible legalmente o cambio de grupo de titulación sen o previo proceso selectivo correspondente.

Vistos os preceptos legais citados, así como o acordo plenario de aprobación definitiva do Plan de emprego 2006-2009, e demais concordantes e de aplicación.

DESESTIMAR as alegacións contra o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo para 2007, formuladas pola Sección Sindical da UXT.

En consecuencia, aprobar definitivamente o Cadro de Persoal e a Relación de Postos de Traballo para 2007, aprobados inicialmente polo acordo plenario do 30/11/2006, dando traslado da tal aprobación definitiva á Dirección Xeral de Administración Local da Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e á Dirección Xeral de Cooperación Local do Ministerio das Administracións Públicas para os efectos oportunos.”

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓN

Sr. presidente

Hai unha moción presentada por todos os grupos, polo Grupo do Partido Popular, do Partido Socialista de Galicia, e do Bloque Nacionalista Galego. Está acordada por todos os grupos. Quere vostede intervir, Sr. Lagares?

Sr. Lagares Pérez

Primeiro hai que votar a urxencia.

Acórdase por unanimidade a urxencia da moción.

Sr. presidente

Grazas, Sr. Lagares porque estaba a obviar ese punto e é preciso, procedementalmente, tratalo. Parécelles que lle dea a palabra ao Sr. secretario para dar lectura ao texto íntegro desta moción? Ten a palabra o Sr. secretario.

Sr. secretario

MOCIÓN INSTITUCIONAL

Os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña, PP, PsdeG-PSOE e BNG, ante a noticia do peche o vindeiro 22 de decembro de 2007 da factoría da Toxa que o grupo Henkel Ibérica posúe en Culleredo

MANIFESTAMOS:

Primeiro: Que a decisión do grupo Henkel Ibérica de pechar as súas instalacións da fábrica da Toxa en Culleredo en ningún caso nos parece correcta, xa que se bota por terra a ilusión e o traballo desenvolvido por todos os seus traballadores/as que ao longo destes últimos 26 anos de traballo, esforzo e compromiso coa empresa fixeron posible os cambios tecnolóxicos e de fabricación propostos pola

dirección ata facela eficiente e rendible. Todo isto sempre dentro dos máis estritos canles de negociación entre traballadores e dirección, que converteron á Toxa nunha das empresas modelo nas súas relacións laborais, polo que se entende aínda menos a decisión de pechar este centro de traballo de xeito irreversible. Rexeitamos enerxicamente a incomprendible decisión adoptada.

Segundo: Que lamentamos que a decisión empresarial poña fin a unha das iniciativas de maior tradición industrial de Culleredo, 26 anos despois da súa implantación, e provoque a desaparición de 156 postos de traballo, xerando entre os afectados/as problemáticas familiares e sociais difíciles de predicir.

E ACORDAMOS:

Primeiro: Manifestarlle á dirección de Henkel Ibérica o noso rexeitamento pola decisión adoptada de pechar o centro de traballo da Toxa sen ningunha razón lóxica desde o noso punto de vista.

Segundo: Demandar de Henkel Ibérica o máximo esforzo na proposta social para os traballadores/as –xa que eles non son os culpables da decisión adoptada- e no seu compromiso de ofrecer un plan de recolocación no tecido industrial de Galicia ata o límite das súas posibilidades.

Terceiro: Instar á Xunta de Galicia a buscar os investimentos necesarios que fagan viable un proxecto empresarial nas actuais dependencias e demandar de Henkel Ibérica a súa máxima colaboración en facilitar as súas instalacións para o novo proxecto industrial que garanta a recolocación do maior número posible de empregados/as.”

Sr. presidente

Como esta moción foi presentada conxuntamente polos tres grupos aquí representados non se somete a votación, obviamente, e rógolle ao Sr. secretario xeral que envíe esta moción á Dirección de Empresa, ao Comité de Empresa e á Xunta de Galicia

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e vinte e cinco minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.